



ALIMENTOS = MERCADORÍAS

Necesitamos:

Poster “Alimentos = Mercadorías”.
Recursos do anexo.

Secundaria

Consideracións para a realización da actividade por parte do/a educador/a:

Esta actividade ten dous obxectivos de traballo:

- Ser conscientes de como funcionan algúns mecanismos do noso sistema de produción de alimentos e de como inflúe sobre a dificultade de moitas persoas para conseguir alimentos, especialmente nos países máis empobrecidos.
- Denunciar os aspectos que fan da produción de alimentos unha actividade económica orientada, máis a xerar beneficios, que a satisfacer a necesidade e o dereito de alimentarse de moitas persoas.
- Para o alumnado, trabállase a procura de razoamentos lóxicos ante problemas que se expoñen.

Convén que se proxecte o póster para que todos/as véxano. De non ser así, hai que facer copias para entregar a cada un dos grupos.

Desenvolvemento:

1ª Fase: Procura de explicacións.

Dividir á clase en grupos de catro ou cinco persoas e entregar a cada un deles a táboa dos recursos da primeira fase e, de non proxectarse, unha copia do poster.

Na primeira parte, deben buscar explicacións lóxicas á cadea de reaccións do poster “Alimentos = Mercadorías”. Deben traballalo en común no grupo, tentando achar respostas que resulten razoables e convincentes.

2ª Fase: Ampliación de información.

- Cando cada grupo terminou as súas explicacións, repárteselles a información dos recursos da segunda fase, de maneira que poidan comprobar e completar, dentro do grupo, a validez das explicacións que desenvolveran.
- Deixar tempo para que comparen e reflexionen sobre o que traballaron, dando a posibilidade de que expoñan preguntas.
- Unha vez que todos os grupos terminaron, pedirles que expliquen por quendas ao resto da clase, as distintas liñas de reaccións que ven no poster.

Anexo

Recursos primeira fase

Alimentos = Mercadorías	
Contidos	<p>Elementos que compoñen o sistema de produción de alimentos a nivel mundial.</p> <p>Consecuencias que pode ter sobre as persoas famentas e a súa capacidade de acceder a alimentos</p>
Pistas para o traballo	<p>Analizade o póster e buscar unha explicación lóxica ás frechas que aparecen nel, e que representan as reaccións que se producen entre distintos elementos da cadea global de produción de alimentos, e que ao final, levan á falta de dispoñibilidade dos mesmos para preto de 800 millóns de persoas.</p> <p>Estas preguntas poden servirvos de base para a reflexión:</p> <p>De que xeito afecta a produción de agrocombustibles á dispoñibilidade de alimentos? e o alto consumo de carne?</p> <p>Que conexións podemos atopar entre a especulación nas bolsas cos prezos dos alimentos e a fame no mundo?</p> <p>De que xeito afecta o desperdicio á dispoñibilidade de alimentos?, Por que creedes que afecta as persoas con menos recursos?</p> <p>De todas as “liñas de reacción”, hai algunha na que nós podamos facer algo para modificalas?</p>

Recursos segunda fase

Fame:

- Hai uns 795 millóns de persoas subalimentadas no mundo.
<http://www.fao.org/3/a-i4646s.pdf>
- A gran maioría de persoas que padecen fame no mundo viven en países en desenvolvemento, onde o 12.9% da poboación presenta desnutrición. África subsahariana é a rexión con maior prevalencia (porcentaxe da poboación) con fame. Alí, unha persoa de cada catro presenta desnutrición. A nutrición deficiente é a causa de case a metade (45%) das mortes en nenos menores de cinco anos (3,1 millóns de nenos cada ano). Un de cada seis nenos - aproximadamente 100 millóns - nos países en desenvolvemento presentan peso inferior ao normal. <https://es.wfp.org/hambre/datos-del-hambre>

Desperdicio de alimentos:

- Cada segundo, 41.200 quilos de comida son botadas ao lixo no mundo. Iso representa un desperdicio alimentario de 1300 millóns de toneladas de alimentos por ano, ou sexa 1/3 da produción global de alimentos.
- Segundo a FAO, o desperdicio alimentario é responsable do residuo de 3,3 giga toneladas de gases de efecto invernadoiro. A comida producida e non consumida ocupa 1400 millóns de hectáreas de terras (case o 30% das terras agrícolas mundiais).

Produción de agrocombustibles:

- Os agrocombustibles son combustibles de orixe biolóxica que proveñen de cultivos actuais, en contraposición aos combustibles fósiles, que tamén son combustibles biolóxicos, pero proveñen de plantas e animais prehistóricos que permaneceron enterrados durante millóns de anos.
- Actualmente todas as enerxías renovables xuntas provén ao redor do 19% da enerxía mundial. Delas, a maior parte está representada a biomasa tradicional (principalmente leña) e só o 0.8% da enerxía total provén dos agrocombustibles (datos actualizados ao ano 2013).
- A produción mundial de biodiesel en 2012 alcanzou un nivel de 22.5 mil millóns de litros. Os Estados Unidos son o principal produtor, seguido por Arxentina, Alemaña, Brasil e Francia. <http://www.econlink.com.ar/biocombustibles-inversion-mundial-biocombustibles>
- Os agrocombustibles contaminan igual que os combustibles fósiles e reducen as terras destinadas á cultura de alimentación. <http://www.bameinfopol.info/PRODUCTION-DE-BIOCOMBUSTIBLES-Les.html?lang=fr>

- Xa se están comezando a desenvolver tecnoloxías para converter a madeira en etanol (co uso de organismos xeneticamente modificados), polo que a industria dos agrocombustibles impulsará unha expansión aínda maior dos monocultivos de árbores de rápido crecemento, tanto en áreas boscosas - aumentando así a deforestación - como sobre chans de pradería. Tanto a deforestación como o cambio no uso de chans de pradería implican a liberación do carbono alí almacenado. O balance neto de carbono nas áreas destinadas á produción de agrocombustibles pode ser ata negativo, aumentando así a concentración de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, que é precisamente o que se pretendía evitar con este cambio.
http://webs.chasque.net/rapaluy1/transgenicos/Biocombustible/Ameaza_disfrazada_verde.html
- Prodúcese 1600 litros de aceite de palma cada segundo no mundo, ou sexa 50.6 millóns de toneladas de aceite de palma por ano. Representa ¼ da produción mundial dos aceites vexetais. O 87% desta produción vén de Indonesia e Malaisia. En indonesia, o 90% dos bosques desapareceron por mor deste negocio.

Prioridade de gando para carne e leite:

- O consumo de carne nos países en desenvolvemento elevouse nas últimas décadas nun 5-6 % por ano; o consumo de leite e produtos lácteos nun 3-4 %.
- O sector avícola constitúe o sector alimenticio de maior crecemento no mundo: este sector representaba un 13 % da produción total de carne nos anos 60 do pasado século e actualmente representa un 28 %.
http://webworld.unesco.org/water/wwap/facts_figures/asegurar_fornezo_alimentos.shtml
- Segundo a FAO, consómese máis de 9 075 quilos de carne cada segundo no mundo, ou sexa 300 millóns de toneladas en 2013.
- Nos países desenvolvidos, consómese 76 kg/persoa ao ano de carne fronte á media mundial de 43 kg/persoa ao ano.
- Producimos case 9.300 quilos de carne cada segundo no mundo. Esta produción vai aumentar ata un 50% ata 2020. A produción de 1KG de carne de res necesita entre 7 a 10 kg de vexetais. <http://www.planetoscope.com/elevage-viande/302-production-mondiale-de-viande.html>
- Máis de 770 millóns de toneladas de leite e de produtos leiteiros foron producidos en 2012 no mundo. Segundo a FAO, o consumo de leite por ano e por habitante é de 234 kg/persoa nos países desenvolvidos fronte a 69 kg/persoa nos países en desenvolvemento.